



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARZÚA

Anuncio interpretación bases subvencións municipais para actividades de carácter deportivo 2021

ANUNCIO INTERPRETACIÓN BASES SUBVENCIONES MUNICIPALES PARA ACTIVIDADES DE CARACTER DEPORTIVO 2021

Faise público que a Xunta de Goberno Local do Concello de Arzúa en sesión celebrada con data 6 de xullo de 2022, ACORDOU:

4.SUBVENCIONES

4.1. SUBVENCIONES MUNICIPALES PARA ACTIVIDADES DE CARÁCTER DEPORTIVO. EXPEDIENTE TEDEC: 2021/A002/000006

Vista a proposta do alcalde asinada con data 06/07/2022, cuxo contido é o seguinte:

Visto o informe elaborado polo animador deportivo do Concello de Arzúa en data 24.05.2022, en relación ao procedemento nº 2021/A002/000006 “de TEDEC “Subvencions municipais para actividades de carácter deportivo 2021” , no que indica o seguinte;

“José Luis Otero Sánchez, animador deportivo do Concello de Arzúa (A Coruña)

INFORMA:

PRIMEIRO.

Que con data 21-1-22 emito un informe en relación ao expediente con nº 2021/A002/000006 “de TEDEC “Subvencions municipais para actividades de carácter deportivo 2021” donde expoño:

“PRIMEIRO. Examinados os seguintes aspectos da documentación xustificativa presentada por parte das entidades beneficiarias, queda comprobado:

- Que os documentos acreditativos dos gastos realizados correspondense á anualidade 2021.
- Que os conceptos indicados nos citados documentos correspóndense co solicitado e co recollido na convocatoria.
- Que presentan os correspondentes xustificantes de pagamento.
- Que presentan o anexo 4, anexo 5, memoria e copia da publicidade onde aparece o financiamento do Concello.”

Entre outros apuntamentos tamen se expón:

“TERCEIRO. Conclúese que as seguintes entidades non cumpren cos aspectos descritos no punto primeiro:

Nº de expediente	Entidade	CIF	Importe concedido	Non aporta:
2021/A002/000006	ARZUA FEMENINO F. C.	G70563135	5.000€	MEMORIA
2021/A002/000006	CLUB NATACION ARZUA	G15930043	17.550€	NON APORTA XUSTIFICANTES DE GASTO

SEGUNDO:

Que posteriormente, unha vez notificadas dende o departamento municipal de Intervención, para que se proceda á enmenda de erros nas xustificacións de subvención, as entidades que se relacionan a continuación presentaron a seguinte documentación:

- “CLUBE RATOS LIBRES” con data 18-4-22 e número de rexistro 202299900000447 aporta a seguinte documentación: “documento xustificativo de autofinanzamento”
- “ARZUA FEMENINO F.C.” con data 25-4-22 e número de rexistro 202299900000486 aporta a seguinte documentación: “Memoria explicativa dos ingresos de autofinanciamento”
- “SOCIEDAD DE CAZA E PESCA RIO ISO” con data 26-4-22 e número de rexistro 202299900000494 aporta a seguinte documentación: “memoria xustificativa donde inclue o autofinanzamento e facturas acreditativas”

- “CLUB NATACION ARZUA.” con data 29-4-22 e cos números de rexistro de entrada que se citan a continuación, aporta a seguinte documentación:
 - Nº de rexistro de entrada 202299900000510: “xustificantes de gasto e autofinazamento”
 - Nº de rexistro de entrada 202299900000511: “xustificantes de gasto e autofinazamento”
 - Nº de rexistro de entrada 202299900000512: “xustificantes de gasto e autofinazamento”
- “ESCUDERIA TALLERES GALICIA-SPORT” con data 3-5-22 e número de rexistro 202299900000528 aporta a seguinte documentación: “memoria de gastos e ingresos ano 2021”
- “CLUB CAZADORES MAROXO” con data 27-04-22 e número de rexistro 202200000000633 aporta a seguinte documentación: “certificado debidamente asinado, xunto co cadro de ingresos e gastos no exercicio 2021”
- “ESCOLAS DEPORTIVAS ARZÚA – EDA” con data 27-04-22 e número de rexistro 202299900000507 aporta a seguinte documentación: informe (non asinado) de non haber recibido aínda o importe do patrocinio de TGM Toldos Gomez

TERCEIRO:

Así mesmo faise constar que unha vez comprobado que satisfacendo o importe total solicitado por cada entidade, non se supera o máximo da partida presupuestaria destinada a tal efecto, CONSIDERO que o criterio f das bases: “Forma de financiamento” do punto oitavo. Órgano competente e criterios para a concesión de subvencións”, CARECE DE RELEVANCIA POLO QUE NON SE DEBERIA TER EN CONTA AO CONCEDERSELLE A CADAUNHA DAS ENTIDADES O MÁXIMO SOLICITADO A ESTE CONCELLO.”

CUARTO:

En base ao exposto anteriormente, procedese a asinar o presente informe e a adxuntalo xunto coa documentación aportada polas devanditas entidades, aos expedientes correspondentes, para que sexa valorada polo departamento municipal que lle corresponda.

Asinado dixitalmente na hora e día indicado na marxe.”

Tomando en conta o indicado no apartado terceiro do seu informe no que se indica “Así mesmo faise constar que unha vez comprobado que satisfacendo o importe total solicitado por cada entidade, non se supera o máximo da partida presupuestaria destinada a tal efecto, CONSIDERO que o criterio f das bases: “Forma de financiamento” do punto oitavo. Órgano competente e criterios para a concesión de subvencións”, CARECE DE RELEVANCIA POLO QUE NON SE DEBERIA TER EN CONTA AO CONCEDERSELLE A CADAUNHA DAS ENTIDADES O MÁXIMO SOLICITADO A ESTE CONCELLO..

Visto o informado pola Interventora municipal en data 04.07.2022, no que fai constar o seguinte en relación ao indicado

“A non consideración do dito factor, segundo o indicado no informe, non alteraría o reparto dos fondos, pero a non existencia da acreditación supón unha alteración das bases reguladoras das axudas, e que aínda que non afecte ou teña incidencia na participación ou no reparto, ten que ser unha decisión do órgano competente para aprobar as mesmas, neste caso a Xunta de Goberno Local, e para elo debe sempre quedar acreditado que a dita decisión non alterara o resultado desta liña de axudas, logo débeselle de dar publicidade por si se presentaran reclamacións ou recursos contra a dita decisión, para maior seguridade xurídica. “

Aos efectos de proceder a adoptar un acordo de aprobación da xustificación da axuda, e non ampliar os requirimentos de xustificación de axuda a estas entidades sen ánimo de lucro, sustentadas no esforzo de persoas que participan desinteresadamente nas mesmas e que contan con poucos medios persoais, e proceder a non ter en conta o criterio de reparto F), por non ter incidencia no reparto das axudas, o cal non tería variado, en consecuencia estimar suficiente a xustificación do gasto realizado no importe subvencionado.

En consecuencia propoño á Xunta de Goberno Local do Concello de Arzúa, ratificar o indicado en relación a liña de axudas Subvencións municipais para actividades de carácter deportivo 2021, expediente electrónico 2021/A002/000006, e ACORDAR:

PRIMEIRO.- Acordar dar por xustificadas as axudas concedidas para actividades de carácter deportivo 2021, de estar xustificadas o 100% da axuda concedida, non tendo en conta o criterio de autofinanciamento, por non ter resultado relevante no reparto dos fondos.

SEGUNDO.- Dar publicidade ao dito acordo, aos efectos de que se poidan poñer reclamacións ou alegacións contra o mesmo.

Esta Xunta de Goberno por unanimidade dos membros asistentes, **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Acordar dar por xustificadas as axudas concedidas para actividades de carácter deportivo 2021, de estar xustificadas o 100% da axuda concedida, non tendo en conta o criterio de autofinanciamento, por non ter resultado relevante no reparto dos fondos.

SEGUNDO.- Dar publicidade ao dito acordo no BOP e no taboleiro de anuncios da sede electrónica, aos efectos de que se poidan poñer reclamacións ou alegacións contra o mesmo no prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte de publicación do mesmo no BOP.

En Arzúa, 12 de xullo de 2022

O Alcalde - Presidente

Asdo.- José Luis García López

2022/4290